

PRESENTACIÓN D O G.A.S

O Grupo de Axitación Social é un colectivo anticapitalista, que centra a súa actividade no eido local, a reivindicación de dereitos sociais, reparto da riqueza, e rexeitamento do militarismo e do desarrollismo.

Asambleas abertas todos os luns das 20:30h. ás 22:00h (Aproximadamente) no CSA "A Cova Dos Ratos" (Rua Romil,3 Baixo) de Vigo.

Acordos de funcionamento:

Constitúese como grupo estable, entendendo que para construír o movemento antagonista é necesario unha actividade constante.

A pertenza ao grupo, uns enténdeno como un compromiso permanente, mentres que outros o poden entender doutra forma, agregándose para determinadas campañas, accións, etc, e pertencendo durante ese período con plena capacidade de propoñer, discutir ou aprobar.

Preténdese establecer un equilibrio entre a necesidade dunha estrutura que perdure (que sirva para dotarnos dunha cohesión, e manter unha coherencia entre medios e fins) e a necesidade dun instrumento de autoorganización orientado cara á acción, superando diferencias.

Buscamos construír a nosa identidade como grupo, a través do noso modelo organizativo e formas de loita.

O noso funcionamento baséase na horizontalidade e na asamblea, traballando sobre o común e o consenso.

Os acordos son revisables cada asamblea.

Obxectivos:

Desenvolvemento de formas de acción política para a transformación radical das actuais estruturas ou formas de existencia social, política, económica e cultural; fundadas nas relacións de dominio e explotación.

Colaborar na loita con quen buscan transformar o mundo sen tomar o poder.

Con este fin, buscaremos formas de intervención, axitación, propaganda, e desobediencia, sempre orientadas á construción dun movemento antagonista local e de resistencia global.

Consideramos de vital importancia:

A loita contra a militarización da sociedade, a atención das convocatorias de resistencia global contra o capitalismo, a reivindicación de dereitos sociais para toda a xente, o reparto da riqueza e a denuncia do desenvolvemento.

Para conquistar estes fins relacionámonos con outros grupos en diferentes redes: A nivel local participamos no **Espazo Aberto Antimilitar** (www.nonaogastomilitar.org) e en **A Ría Non Se Vende** (<http://arianonsevende.nireblog.com/>), ademais estamos en **Galiza Non Se Vende** (<http://galizanonsevende.org/>) e a nivel estatal na Rede Estatal de Loitas contra o Paro a Pobreza e a exclusión Social: **Baladre** (<http://www.redasociativa.org/baladre/>).

Ademais colaboramos coa Asociación Caleidoskopio (<http://cova.arkipelagos.net/>) no Centro Social "A Cova dos Ratos" e coa **Oficina de Dereitos Sociais de Coia** (<http://odscoia.arkipelagos.net/>).

	http://grupodeaxitacionsocial.blogspot.com/ gasvigo@moviments.net OUTUBRO 2010
--	--

FRONTE AOS RECORTES SOCIAIS, TOMEMOS AS RÚAS!!

Desde o inicio da crise económica no ano 2008 a clase dominante a través dos seus medios de comunicación comezou unha campaña propagandística masiva acerca do significado, alcance, causas e consecuencias da mesma. O obxectivo é obvio: preparar un escenario propicio para executar unha serie de recortes sociais e laborais que fortaleza, aínda máis, a súa capacidade de acumulación de capital. Négase que o

capitalismo, polas súas propias características intrínsecas, sexa un sistema económico en crise case permanente e preséntase a recesión como un acontecemento excepcional, cando á inversa, o verdadeiramente insólito foi o período de acumulación salvaxe que a precedeu.



O capitalismo sempre saíu fortalecido e reconstituído das crises e estas, no fondo, non son máis que unha oportunidade para afondar nas relacións de dominación social. Cando falan de procurar a estabilidade estanse a referir unicamente á salvagarda dos intereses de certos grupos da clase dirixente. A proba disto témola en que no ano 2009 o gasto militar continuou en ascenso, témola nas axudas estatais aos bancos e ao sector da automoción ou en que a construción de todas as

infraestruturas estratéxicas (o AVE, a ampliación do porto e o aeroporto, etc.) están a solventar calquera problema de financiamento que se lles presente.

A necesidade da clase dirixente de manter e aumentar o seu nivel de beneficios despraza o problema da creación de valor ás oprimidas. Se xa no comezo da recesión sufríamos a aprobación dun ERE tras outro, co avance e consolidación do discurso dominante sobre a crise os recortes laborais e sociais semellan imparables. Antes do verán, o goberno anunciaba que se conxelarían as pensións no ano 2011 así como que se produciría unha reforma do sistema de pensións que prevé ampliar o ano de xubilación até os 70 e o mínimo de anos cotizados necesarios para poder ter dereito á mesma. Recortábase, tamén, o salario das empregadas do sector público un 5% e, polas mesmas datas, o ministerio de sanidade anunciaba que o COPAGO e, polo tanto, a privatización da sanidade (algo que xa estamos a vivir na nosa cidade coa construción do novo hospital) estaba enriba das súas mesas.

O 9 de setembro ratificábase no congreso unha nova reforma laboral: redúcense as indemnizacións por despedimento e ampliación das condicións para executalo; xeneralízase a flexibilidade das condicións do traballo; precarízase aínda máis as condicións da contratación xuvenil; amplíase o campo de actividade e o poder das Empresas de Traballo Temporal en sectores nos que até o de agora estaban vetadas; aumentan as restricións e as condicións de cara ao cobro da prestación por desemprego, etc.

O paro preséntase non só coma novidade senón tamén coma falsa coartada á hora de impoñer algunhas das medidas reflectidas na reforma laboral, como é caso dun maior abarataemento do despedimento. Cómpre recordar que xa moito tempo antes da recesión económica o número de persoas en paro, en risco de exclusión ou afundidas na pobreza aumentaba considerablemente. O paro é un epifenómeno inherente ao grao de desenvolvemento actual das sociedades industriais. A competencia interempresarial nun mercado mundial esixe un proceso de innovación tecnolóxica constante que faga aumentar o ritmo xerador de beneficios, o cal non permite unha política de investimentos que absorba a forza de traballo eliminada coa automatización.

O resultado é que as traballadoras son empurradas á periferia da produción e o paro convértese, desde hai décadas, nunha importante arma en mans da dominación, polo que toda medida ou política presentada desde o poder para presuntamente paliar é pura propaganda.

A necesidade de resistirmos esta ofensiva pasa por desenvolver unha crítica ao sistema capitalista no seu conxunto que evite caer no propio discurso dominante que pretende cerrar filas tras a ideoloxía do progreso, desde unha crítica parcial ao mesmo a partires simplemente da crise actual. É doado botar unha sinxela ollada aos supostos anos de opulencia para ter a certeza de que xa nos envolvían daquela unhas circunstancias críticas: a precariedade económica e afectiva, o illamento, a exclusión e o aumento da pobreza, a alta velocidade e o estrés, o consumismo e a construción de novos centros comerciais, a dependencia das tecnoloxías e a extensión da represión e do control social, a destrución do medio rural e o litoral, o envelenamento do aire, da auga e da terra, a expansión dos territorios en guerra, etc.

Resistir a este maremoto de recortes sociais esíxenos evitar o simulacro da protesta, da negociación e dos pactos e debe apostar por unha confrontación total e permanente contra a dominación. Nese camiño temos que buscar formas de loita, resistencia e colaboración que nos permitan construír unha sociedade radicalmente diferente á que padecemos.

Fronte a toda esta coxuntura seguimos a defender unha vida plena, tanto no eido social como no individual, baseada na xustiza, na igualdade e nunha relación de respecto e harmonía coa natureza. Onde os nosos dereitos sociais básicos (alimento, saúde, vivenda, etc.) non dependan da posibilidade de ter ou non un salario; onde non teñamos que abandonar a nosa terra para poder sobrevivir nin ter que depender das normativas dos Estados para poder ter liberdade de movemento; onde se constrúa comunidade baseándose na proximidade, na autosuficiencia e na horizontalidade; onde, en definitiva, só o mellor sexa o suficiente.



Vigo, setembro 2010

A NATO é un crescente obstáculo para se alcanzar a paz mundial. Desde o fim da Guerra Fria, a NATO reinventou-se como una ferramenta para a acción militar, por parte da “comunidade internacional”, incluíndo a promoción da chamada “guerra ao terror”. Na realidade, é un vehículo para o uso da forza, dirixido polos EUA, con bases militares em todos os continentes, ultrapassando as Nações Unidas e o sistema de Direito Internacional, acelerando a militarização e a escalada das despesas com o armamento – os países da NATO são responsáveis por 75% da despesa militar global. Prosseguindo aquela agenda expansionista desde 1991, para firmar os seus interesses estratégicos e sobre os recursos, a NATO iniciou a guerra nos Balcãs, sob o pretexto da chamada “guerra humanitária” e, durante quase nove anos, tem travado uma guerra brutal no Afeganistão, numa trágica escalada, que se vem expandindo para o Paquistão.

Na Europa, a NATO agrava as tensões, alimentando a corrida aos armamentos, com a chamada “defesa anti-mísseis”, um enorme arsenal nuclear associado a uma política de primeiro ataque nuclear. A política da UE é cada vez mais ligada à NATO. A procura de uma potencial expansão da NATO na Europa Oriental e, mais além, bem como as suas operações “fora de área” estão a tornar o mundo um lugar mais perigoso. O conflito no Cáucaso é uma indicação clara desses perigos. Cada avanço da fronteira NATO aumenta a possibilidade de guerra, incluíndo o uso de armas nucleares.

Para alcançar a nossa ambição de um mundo pacífico, rejeitamos as respostas militares à crises mundiais e regionais – aquelas, são parte do problema, não parte da solução. Recusamos viver sob o terror das armas nucleares e rejeitamos uma nova corrida aos armamentos. Temos de diminuir as despesas militares, dirixindo, alternativamente, recursos para a satisfação das necessidades humanas. Temos de fechar todas as bases militares estrangeiras. Opomo-nos a todas as estruturas militares utilizadas para a intervenção militar. Temos de democratizar e desmilitarizar as relações entre os povos e estabelecer novas formas de cooperação pacífica para construir um mundo mais seguro e justo.

Na sua próxima cimeira, em Portugal, a NATO irá decidir sobre uma nova estratégia. A nova estratégia da NATO incluirá a continuação da guerra no Afeganistão, as intervenções contra outros países, a expansão para Oriente e para Norte e a continuada instalação de armas nucleares. A ameaça mais candente é que a utilização e a modernização do armamento nuclear continuará a ser uma parte central da nova estratégia.

O movimento internacional pela paz e outros movimentos vão protestar contra estas políticas belicistas e apelam para a abolição da NATO.

AntiNato Portugal <http://antinatoportugal.wordpress.com/>

Sexta-feira e Domingo Congresso Internacional: Contra-Cimeira contra a Guerra e a Estratégia da NATO.

Sábado 20 novembro Manifestação internacional “Não à Guerra – Não à NATO”